

Comentario “Navy bar”

Este bar ten balances
E tamén está listo
pra se facer á vela

Encheron-nos o vaso
con toda a auga d'o Mar
pra compor un cock-tail de horizontes

Pendurados d'as horas
atlas xeográficos d`esperantos
están sin tradución
E tatexan as pipas
c'o ademán políglota d'as bandeiras

Ese cantar improvisado
 é o mesmo
que xa se improvisou n-algures

Quen chegou avisando-nos
d'esa cita nocturna que temos
c'o vento ao N E
n-a encrucillada d'as estrelas apagadas?

Eiquí bebe de incónito
O Mariñeiro Desconecido
-sin xeografía nin literatura-
A noite d'os naufraxos
c'o seu brazo salvavidas
aferrará con nosco unha vela de chuvascos

O vaso derradeiro
estaba cheo de despedidas

Pol-as ruas dispersas
ibamo-nos fechando
cada un dentro d'a sua alta-mar

N'o repouso d'algún vaso
total-as noites naufraga o Bar.

Navy Bar, De catro a catro. Manuel Antonio.

Esquema de comentario do poema "NAVY BAR"

1. Análise interna do texto

a) *Nivel lingüístico*

- Emprego de palabras estranxeiras (título). Tamén a palabra "cock-tail" (v. 6).
- Escribe a primeira palabra con todas as letras en maiúsculas.
- Non hai signo de interrogación ao comezo do verso 15.
- O poema presenta unha gran corrección gramatical, apenas hai vulgarismos (pra, v. 3). Non hai hiperenxebismos (horizontes, v.6).
- Presenza de cultismos: esperantos (v.8), políglota (v.10).

b) *Nivel formal*

- Estrutura baseada na sucesión de imaxes-secuencia.
- Ausencia de rima.
- Ausencia de signos de puntuación.
- Alteración da orde habitual na colocación dos versos.

c) *Nivel semántico*

- Relación do poema co anterior (na obra). Neste caso céntrase na estancia dos mariñeiros no bar.
- Cada imaxe recolle unha impresión do poeta e redonda na idea de frustración e desesperanza, de sentimentos negativos sobre a vida, en contra da ilusión que inicialmente debería ter a estancia no bar:
 - O bar balancéase o mesmo có barco.
 - No bar atópanse mariñeiros de todos os lugares pero que, lonxe de aportar novidades, repiten a mesma historia sempre, cantan as mesmas cancións, etc.
 - "a noite dos naufraxios": único tema de conversa, aínda que estas historias sexan como un salvavidas para evadirse da soidade.
 - "íamonos fechando cada un na súa alta-mar": a volta ao barco é a volta ao mar interior á soidade íntima de cada un.
 - "tódalas noites naufraga o Bar": o bar personalízase coa maiúscula e convértese no símbolo da frustración total e da perda de esperanza. Ademais, a borracheira resulta inútil, pois resulta imposible *afogar* ese sentimento (naufraxio-fracaso do mariñeiro > do bar > da vida).
- Alternancia de verbos en pasado e presente:
 - Pasado: reflexiona a posteriori sobre a experiencia no bar.
 - Presente: recalca a repetición e a monotonía desa experiencia.
- Innovación nas personificacións (versos 1 e 10)
- Innovación nas imaxes e na asociacións de adxectivos ou frases-complemento: "cock-tail de horizontes" (v.6), "atlas de esperantos" (v.8), "ademán políglota das bandeiras" (v.11).

2. Análise externa do texto

- Relación entre os poemas simultánea á interpretación individualizada de cada poema (colocación a continuación de "Recalada").
- Certo ton melancólico e sentimental derivado do tema do texto e do emprego da 1ª persoa do plural.
- O principal trazo vangardista é a creación dunha nova realidade a través de imaxes innovadoras e sorprendentes (hai que ter en conta a época en que foi escrito!).
- Outros trazos vangardistas teñen relación coa importancia que o poeta dá á linguaxe (emprego de palabras estranxeiras, de cultismos, á corrección lingüística, etc.), coa ruptura dos versos, coas personalizacións de elementos, coa estrutura en secuencias para representar instantes, etc.
- A valoración do poeta no marco da poesía galega debería aludir polo menos aos seguintes aspectos:
 - Ruptura coa tradición.
 - Relación coas vangardas e a vontade de integración nas correntes europeas
 - Orixinalidade da obra e vontade innovadora.